

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15033101	CEIP Plurilingüe de Outes	Outes	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación en valores cívicos e éticos	6º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	17

## 1. Introducción

O deseño e a elaboración desta programación ten como finalidade a implementación do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia ao tempo que o adapta á realidade educativa do noso centro. Tal e como se recolle no xa mencionado DECRETO, "a finalidade da educación primaria é facilitarlle ao alumnado as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, as habilidades lóxicas e matemáticas, a adquisición de nocións básicas da cultura e o hábito de convivencia, así como os de estudo e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade (...)". Atendendo ao fin último desta etapa educativa, o CEIP Plurilingüe de Outes deseña unha proposta curricular e metodolóxica adaptada tanto á realidade do seu alumnado como da contorna na que este desenvolve a súa vida. Así, na comunidade educativa na que se relaciona o centro, enténdese a educación como un proceso que permite que todas as persoas que participan dela gocen da igualdade de oportunidades e que, ao mesmo tempo, procura que se reduzan as diferenzas que puidesen existir entre o alumnado. Isto é posible, entre outras causas, debido á implicación do profesorado no día a día do alumnado, a unha estreita comunicación coas familias e a unha atención individualizada que pensa no que precisa cada alumno ou alumna en cada momento adaptándose aos seus ritmos particulares de aprendizaxe. Tendo en conta todo o anteriormente descrito, comprove a realidade educativa do CEIP Plurilingüe de Outes, en xeral, e do 6º curso de educación primaria, en particular. Por unha banda, o CEIP Plurilingüe de Outes sitúase no Concello de Outes, nas proximidades da desembocadura do río Tins, que forma a ría de Muros e Noia. A el asiste alumnado das diferentes parroquias que conforman o Concello, así como doutros concellos limítrofes, ata chegar a un total de 251 alumnos e alumnas. O centro educativo está adscrito ao IES Poeta Añón, situado tamén no Concello de Outes. Atendendo á realidade sociolingüística do alumnado, pódese concluir que a lingua materna da maioría do alumnado é o galego. Así, atendendo ás características do noso centro, favorecerase unha boa competencia do alumnado na súa lingua materna así como en castelán e inglés na porcentaxe que determina a lexislación vixente. Por outra banda, no que respecta ao 6º curso de educación primaria, o CEIP Plurilingüe de Outes posúe dúas liñas nesta etapa educativa, con 19 alumnos e alumnas nun dos cursos e con 18 alumnos e alumnas no outro curso. Nun dos cursos existe alumnado que precisa do apoio de maneira continuada dunha auxiliar técnica educativa e, ademais, da especialista de Audición e Linguaxe e da especialista de Pedagogía Terapéutica. Así mesmo, existe outro alumnado que, debido as súas características persoais, recibe tamén apoio dalgún destes especialistas. Para a elaboración da programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Estas materias configuraríanse neste curso como un proxecto interdisciplinar e cooperativo en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscaríase a resolución de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, a través de propostas que garden unha estreita relación coa realidade do alumnado no día a día. A materia de Valores éticos e cívicos é unha materia de tremenda importancia para poder cumprir cos obxectivos do curriculum.

Nesta materia axúdase a garantir o dereito universal dos nenos e nenas a recibir unha educación primaria que lles permita desenvolver ao máximo as súas posibilidades, formarse no respecto dos dereitos humanos e liberdade fundamentais e prepararse para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerantes ante as dificultades.

Ao mesmo tempo reforma a preparación das persoas para actuar como cidadanía participativa e crítica implicándose na mellora de cohesión, defensa e desenvolvemento da sociedade democrática.

Esta materia responde á preocupación por mellorar a calidade da educación de todo o alumnado fomentando o desenvolvemento de procesos educativos que potencia a participación individual para lograr fins colectivos.

Os criterios de avaliación e contidos distribúense en tres bloques,

1. Autoconecemento e autonomía moral
2. Sociedade, xustiza e democracia
3. Desenvolvemento sostible e ética ambiental.

Nos tres bloques preténdese facer un percorrido dende a propia persoa e a súa autonomía, saber seguidamente o papel que cumpre na sociedade, e a súa responsabilidade para cos demais e para rematar, a responsabilidade ética e moral que temos de cara o mundo, ao demais seres vivos e ao noso planeta. Todo isto fundamenta as bases dos retos do século XXI.

Profesorado que imparte docencia neste nivel:

Iván Coira Silva: Titor de 6º A

Sandra Caamaño López: Titora de 6º B

Daniel Rodríguez Gándara: Música.

Adrián Rivero: Inglés e Arts.  
 Lucinda Paz Calvo: E Física.  
 María Gemma Somoza Silva: Relixión.  
 Ana Bermúdez Gómez: Audición e linguaxe.  
 María Jesus Lema Moledo: Pedagogía Terapéutica.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deliberar e argumentar sobre problemas de carácter ético referidos a si mesmo e á súa contorna, buscando e analizando información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autoconhecimento e a autonomía moral.	1-3			4	4-5	1-2-3		
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, recoñecendo a súa importancia para a vida individual e colectiva e aplicándoos de maneira efectiva e argumentada en distintos contextos, para promover unha convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica.	5	3			3-4	1-2-3		1
OBX3 - Comprender as relacións sistémicas entre o individuo, a sociedade e a natureza, a través do coñecemento e da reflexión sobre os problemas ecosociais, para comprometerse activamente con valores e prácticas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas e do planeta.	2-5		1-5		2	3-4	1	
OBX4 - Desenvolver a autoestima e a empatía coa contorna, identificando, xestionando e expresando emocións e sentimentos propios, e recoñecendo e valorando os dos outros, para adoptar unha actitude fundada no coidado e no aprecio de si mesmo, dos demais e do resto da natureza.	1-5				1-2-3	2-3-4	3	

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Quen son eu?	Como se define a persoa, construción dun autoconceito axeitado de nós mesmas.	16	6	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Como debo actuar?	Que nos move a actuar, como facelo de xeito responsable e autónomo, as normas que guían as nosas accións.	17	6	X	X	X
3	Eu como son ser humano, social e democrático	Fundamentos da vida en sociedade: familia, amor, convivencia democrática con xustiza e paz.	17	5	X	X	X
4	Todas as persoas somos iguais	A corresponsabilidade entre todas as persoas sen exclusión de xénero, raza, etnia, procedencia. Respecto da diversidade.	17	6	X	X	X
5	Todos os seres vivos merecemos respecto	Actitude respectuosa coa biodiversidade, animais e demais seres vivos.	16	6	X	X	X
6	E eu, como podo axudar ao planeta?	A ecodependencia, valores e hábitos a desenvolver para habitar nun planeta xusto e sustentable	17	6	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Quen son eu?	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír un adecuado concepto de si mesmo ou si mesma en relación cos demais e coa natureza, organizando e xerando, de forma segura e crítica, información analóxica e dixital acerca dos trazos relativos á identidade, diferenza e dignidade das persoas.	É capaz de definirse diferenciando os conceptos de identidade, diferenza e dignidade das persoas.	TI	100
CA1.2 - Identificar e expresar emocións, afectos e desexos, mostrando confianza nas propias capacidades ao servizo da consecución motivada de fins persoais e colectivos.	Expresa as súas emocións, afectos e desexos.		
CA1.3 - Xerar unha posición moral autónoma mediante o exercicio da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso con outros arredor dos distintos valores e modos de vida, así como dos problemas relacionados co uso responsable, seguro e crítico das redes e medios de comunicación, das condutas adictivas, da prevención do abuso e do acoso escolar e do respecto á intimidade persoal.	Da a súa opinión ante un dilema moral de xeito argumentado e respectuoso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A natureza dos seres humanos:

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A igualdade en dignidade de todos os seres humanos.</li> <li>- As diferenzas entre os humanos: unicidade e irrepeticibilidade dos individuos.</li> <li>- As características que definen a persoa:             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Ser natural, ser vivo, ser animal.</li> <li>- Ser social. Vivir con outros e depender dos outros para vivir.</li> </ul> </li> <li>- Actuar libremente, movidos por desexos, emocións e sentimentos e pola razón.</li> <li>- A identidade persoal: os papeis da natureza e da crianza na constitución do ser humano.</li> <li>- A educación das emocións e dos sentimentos:             <ul style="list-style-type: none"> <li>- A autoestima persoal.</li> <li>- O autocontrol. A xestión dos sentimentos.</li> </ul> </li> <li>- A educación afectivo-sexual.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Como debo actuar?	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento, dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Participa nos debates na aula adoptando unha actitude respectuosa e dialogada.	TI	100
CA1.5 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Actúa, participa e recolle ideas e apreciacións sobre el mesmo e o resto de compañeiros e compañeiras da aula valorándoas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O proxecto persoal: o modelo de vida que orienta as accións:</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A autonomía da vontade.</li> <li>- A responsabilidade sobre as accións propias.</li> <li>- O recoñecemento da diversidade de valores, fins e modelos de vida e o respecto aos proxectos persoais dos outros.</li> <li>- A ética como guía das accións:</li> <li>- Normas e xuízos morais. Os valores e o valioso.</li> <li>- A polaridade dos valores: virtudes e defectos.</li> <li>- O pensamento crítico e ético en acción:</li> <li>- Os perigos para a autonomía e o proxecto persoal. Os medios de comunicación, as redes sociais, a publicidade e o consumismo. As condutas adictivas.</li> <li>- O respecto aos outros. O rexeitamento dos casos de abuso, ciberacoso, marxinação e exclusión.</li> <li>- Os riscos das tecnoloxías da información e da comunicación. Condutas responsables fronte aos malos usos dos distintos aparatos electrónicos.</li> <li>- O debate sobre os límites da liberdade de expresión.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Eu como son ser humano, social e democrático	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e amosar un xeito de convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica, a partir da investigación e da comprensión da natureza social e política do ser humano e mediante o uso crítico dos conceptos de «lei», «ética», «civismo», «democracia», «xustiza» e «paz».	Amosa un comportamento democrático, respectuoso e pacífico, na relación cos demais.	TI	100
CA2.2 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento, dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais, en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Interactúa e relaciónase cos demais adoptando condutas cívicas e éticas, en situacións normais e problemáticas.		
CA2.3 - Reflexionar e asumir un compromiso activo e crítico con valores relativos á solidariedade e ao respecto ás minorías e ás identidades etnoculturais e de xénero, analizando desde un punto de vista ético cuestións relacionadas coa desigualdade e coa pobreza, co feito multicultural, coa diversidade humana e cos fenómenos migratorios.	Actúa de xeito solidario e respectuoso ante a diversidade humana.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O ser humano como ser social por natureza:</li> <li>- Fundamentos da vida en sociedade. A familia. A amizade e o amor. A empatía cos demais.</li> <li>- A conduta cívica: respectar as regras de convivencia. A diferenza entre as normas morais e as normas legais.</li> <li>- A democracia como mellor modo de convivencia:</li> <li>- Principios e valores constitucionais e democráticos na Constitución española e no Estatuto de autonomía de Galicia.</li> <li>- O diálogo e a argumentación na toma de decisións en común e a resolución pacífica de conflitos.</li> <li>- O problema da consecución da xustiza na democracia.</li> <li>- A cultura da paz e da non violencia:</li> <li>- O papel do Estado na consecución da paz, da seguridade e da cooperación internacional e o papel das ONG e ONGD.</li> <li>- O valor da defensa e da protección civil e a colaboración cidadá na seguridade integral dos cidadáns.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Todas as persoas somos iguais	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Contribuír a xerar unha convivencia respectuosa, non sexista e comprometida co logro da igualdade e a corresponsabilidade efectivas e coa erradicación da violencia de xénero, a partir do coñecemento e da análise crítica da situación secular de desigualdade entre mulleres e homes.	Ten unha convivencia respectuosa, non sexista e comprometida co logro da igualdade.	TI	100
CA2.5 - Comprender e valorar os principios de xustiza, solidariedade, seguridade e paz, á vez que o respecto ás liberdades básicas, a partir da análise e da ponderación das políticas e accións de axuda e cooperación internacional, de defensa para a paz e de seguridade integral cidadá, exercidas polo Estado e as súas institucións, os organismos internacionais, as ONG e ONGD e a propia cidadanía.	Comprende e valora os principios de xustiza, solidariedade, seguridade e paz, á vez que o respecto ás liberdades básicas.		
CA2.6 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	É capaz de expresarse con respecto, argumentando de xeito crítico sobre cuestións éticas e cívicas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O respecto dos dereitos humanos e os dereitos da infancia:</li> <li>- A pobreza e a explotación laboral e infantil. As súas causas e a procura de solucións globais e locais.</li> <li>- A igualdade e a corresponsabilidade entre mulleres e homes, a prevención dos abusos e a violencia contra as mulleres e a conduta non sexista.</li> <li>- O respecto da diversidade cultural e das tradicións:</li> <li>- A conquista da igualdade social de todos os cidadáns sen depender da súa orixe étnico-cultural.</li> <li>- O respecto da orientación sexual e da identidade de xénero. A prevención da LGTBIQ+-fobia.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Todos os seres vivos merecemos respecto	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais, en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Interactúa cos demais adoptando condutas cívicas e éticas.	TI	100
CA3.2 - Avaliar diferentes alternativas coas que frear o cambio climático e acadar os obxectivos de desenvolvemento sostible, identificando causas e problemas ecosociais e xustificando argumentalmente, e de modo crítico, o deber ético de protexer e coidar a natureza.	Coñece e plantexa algunha solución en relación cos problemas ecosociais. Identifica causas que afectan ao cambio climático e plantexa alternativas que o poden frear dende a nosa práctica individual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Natureza humana e natureza animal:</li> <li>- Relacións e condutas afectivas e respectuosas cara aos demais seres vivos fundamentadas en valores comúns e democráticos.</li> <li>- Actitude humana e respectuosa coa biodiversidade.</li> <li>- A ecodependencia, a empatía e o deber. As posibles consecuencias dunha mala praxe:</li> <li>- As ameazas ao medio ambiente: o cambio climático, a deforestación, a desertización, a polución e a contaminación, a perda de biodiversidade. O exemplo da capa de ozono.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	E eu, como podo axudar ao planeta?	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Comprometerse activamente con valores, prácticas e actitudes afectivas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas, dos animais e do planeta, a través da participación en actividades que promovan un consumo responsable e un uso sostible do chan, do aire, da auga, da enerxía, da mobilidade segura, saudable e sostible e da prevención e xestión de residuos, recoñecendo o papel das persoas, colectivos e entidades comprometidas coa protección da contorna.	Participa de forma activa en actividades que promovan un consumo responsable e o coidado e a protección dos animais e demais seres do planeta.	TI	100
CA3.4 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	É capaz de expresarse de xeito crítico a nivel individual e considerar nas súas intervencións as aportacións dos seus compañeiros e compañeiras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A ética, a política e a xustiza nun planeta habitable:</li> <li>- O ser humano como animal político na natureza: dereitos humanos da solidariedade e comportamentos éticos cara aos animais. O rexeitamento e a prevención do maltrato animal.</li> <li>- O ser humano como un ser ético no planeta: o deber en relación co resto dos seres vivos.</li> <li>- Prácticas responsables: valores, hábitos e actividades para o desenvolvemento racional e sostible:</li> <li>- O papel das persoas, colectivos e entidades comprometidas coa protección da contorna.</li> <li>- O uso sostible da enerxía, a produción racional de bens de consumo e a xestión dos residuos.</li> <li>- A actitude crítica ante a contaminación e a perda de biodiversidade.</li> <li>- A actitude responsable respecto do coidado dos animais, da valoración da auga, do aire, do chan e dos bosques e da protección do planeta.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Os principios metodolóxicos que sustentan a nosa intervención educativa están basados nunha metodoloxía didáctica comunicativa, inclusiva, activa e participativa, dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste senso prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real, partindo do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo, na medida do posible, o traballo colaborativo e en equipo. A inclusividade será o eixo vertebral da metodoloxía, traballaremos para que o alumnado acepte positivamente as diferenzas entre eles.

A intervención educativa centrarase en educar a cidadás e cidadáns que convivan en sociedade e apliquen os coñecementos adquiridos dentro da escola á súa vida diaria; por iso a aula será un lugar de encontro, na que o diálogo, o traballo en gran grupo e/ou a resolución de conflitos achegarase á realidade máis próxima do alumnado.

A natureza da materia, as condicións socioculturais, a dispoñibilidade de recursos, características do alumnado serán tidas en conta e axustarán a programación coa finalidade de propiciar unha aprendizaxe competencial no alumnado. Enfocarase á realización de tarefas ou situacións-problema, plantexadas con obxectivos concretos, que o alumnado debe resolver facendo un uso axeitado dos distintos tipos de coñecemento, destrezas, actitudes e valores, debendo ter en conta sempre a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.

É preciso secuenciar a ensinanza de tal xeito que se parte de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara outros máis complexos.

Un dos elementos fundamentais destas concrecións metodolóxicas será espertar e manter a motivación cara o aprendizaxe do alumnado, propiciando que o seu papel sexa activo e autónomo, conscente de ser responsable da súa aprendizaxe.

Con este propósito é preciso que o profesorado procure todo tipo de axudas para que o alumnado comprenda o que aprende, saiba para que o aprende e sexa capaz de usar o aprendido en contextos dentro e fóra da aula.

Principios metodolóxicos xerais:

- Aprendizaxes significativas : Todo novo coñecemento partirá das experiencias previas do/a alumno/a, converténdose este en axente activo da súa propia aprendizaxe.
- Individualización : As ensinanzas adaptaranse ás diferenzas individuais dos/as alumnos/as.
- Actividade : O/A alumno/a buscará as relacións significativas entre o que sabe e as novas aprendizaxes, é dicir, que aprenda a aprender.
- Motivación : Utilizaremos contextos cotiáns, familiares e habituais para que o alumnado aprenda comprobando, favorecendo así o seu interese.
- Afectividade : Todo isto realizarémolo nun clima escolar adecuado que proporcione ao/á alumno/a: benestar, seguridade e confianza.

O noso papel, como mestres/as, será o de guía e mediador/a para facilitar a construción de aprendizaxes os/as nosos/as alumnos/as.

As estratexias metodolóxicas que se levarán a cabo serán as seguintes:

- Plantexamento de diferentes situacións de aprendizaxe que permitan ao alumnado desenvolver distintos procesos cognitivos: analizar, identificar, recoñecer, localizar, resolver.
- Potenciar no alumnado a autonomía, creatividade, reflexión e espírito crítico
- Empregar distintas fontes de información, diversificar materiais e recursos didácticos
- Potenciar o traballo colaborativo, a aceptación mutua e empatía como elementos que enriquecen a aprendizaxe entre iguais.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos lingüísticos: entre os recursos lingüísticos que se empregarán aparecerán diferentes exemplos reais de tipoloxías textuais de uso social.
Recursos textuais: o material bibliográfico da biblioteca servirá de base para a aprendizaxe e será un recurso de consulta habitual para apoiar a adquisición de aprendizaxes.
Xogos didácticos: o material lúdico servirá para reforzar as aprendizaxes e para tratalas dunha maneira máis distendida co alumnado.
Cadernos de aula/axenda: cumpre unha función específica para fomentar a escritura no alumnado dunha maneira máis amena, así como a súa planificación.
Taboleiros e paneis: a través destas ferramentas complementarase a información que se proporciona na aula e servirá de espazo común para recoller as investigacións que se realicen.
Tecnoloxías da Información e da Comunicación: destacan os ordenadores individuais e a pizarra dixital interactiva, que servirá para complementar as explicacións en gran grupo.
Outros materiais e espazos de centro: o material que temos para investigar e descubrir no patio e na contorna tamén son fundamentais nos procesos de ensino-aprendizaxe de aula. A aula non se limita ás catro paredes, senón que abrangue tamén outros espazos como corredores, patio e contorna, entre outros.
Recursos persoais: o profesorado con disponibilidad horaria, as especialistas en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe, así como outras especialistas de área, son fundamentais para desenvolver a proposta metodolóxica que se pretende a nivel de centro.

Os recursos que se recollen neste apartado son un exemplo dos empregados na aula. Isto non quere dicir que sexan os únicos empregados: cando dende o ciclo se entenda que un material pode ser complementario e resulte interesante e atractivo para o alumnado, buscaremos a maneira de encaixalo na dinámica de aula, enriquecendo así o proceso de ensino-aprendizaxe e creando novas oportunidades para o alumnado.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O procedemento da avaliación inicial realizarase dentro do primeiro mes do curso escolar. Para levalo a cabo, a titora ou titor coordinarase, na medida das posibilidades, coas titoras e especialistas que traballaron durante o curso previo co alumnado. Así mesmo, os informes individualizados de cada alumno e alumna, servirán para coñecer a realidade de cada quen a nivel individual e establecer unha idea inicial.

O punto de partida inicial axustarase o máximo posible complementándoo coa observación directa na aula e coa análise do traballo realizado polo alumnado durante as primeiras semanas. Os resultados desta avaliación inicial poñeranse en común nunha sesión de avaliación a nivel de ciclo na que tamén estarán presentes a xefa do Departamento de Orientación, as especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, así como unha representación do Equipo Directivo. Así mesmo, os resultados desta sesión de avaliación reflectiranse en XADE.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>16</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>16</b>	<b>17</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	100	<b>100</b>

#### **Criterios de cualificación:**

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua, global, formativa e integradora de todas as áreas. Por iso, o rexistro do traballo diario será a base para recoñecer o grao de adquisición dos contidos así como as posibles dificultades que xurdan durante o proceso. Así mesmo utilizaranse diferentes técnicas e instrumentos para que a avaliación sexa o máis obxectiva posible.

Os criterios de cualificación das áreas serán referentes fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias clave. Se no proceso de avaliación continua se advirte que un alumno/a non progresa adecuadamente, no momento no que se detecten as dificultades de aprendizaxe, adoptaranse as medidas de reforzo oportunas coa intención de que o alumnado adquiera os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

Trimestralmente, o equipo docente que imparte docencia a cada grupo reunirse para considerar o grao de consecución dos obxectivos do alumnado e así avaliar o procedemento. Informarase ás familias do grao de adquisición de contidos nas diferentes áreas curriculares a través dos boletíns de cualificacións na plataforma XADE.

#### **Criterios de recuperación:**

Segundo o disposto no Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria en Galicia, "o alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior".

De todos os xeitos, tal e como se comentaba con anterioridade, o proceso de reforzo farase efectivo no momento no que se aprecien dificultades por parte do alumnado. Este reforzo realizarase con profesorado con dispoñibilidade horaria e, de ser necesario, co profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe se así se valora nas sesións de avaliación por parte do profesorado e do Departamento de Orientación.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

As medidas de atención á diversidade que se terán en conta para o presente curso escolar son as que veñen determinadas pola Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia.

Entendemos por medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) e nas concrecións anuais de dito plan.

Tal e como se recolle no artigo 8 do Decreto 229/2011, considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas as que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado. Entre as medidas de carácter ordinario que se poderán desenvolver están as que a continuación se detallan:

- A adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado.
- A adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.

- Programas de habilidades e competencias sociais.

De conformidade co artigo 9 do Decreto 229/2011, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Entre as medidas de carácter extraordinario que se poderán desenvolver están as que a continuación se detallan:

- Adaptacións curriculares.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- Flexibilización da duración do período de escolarización.
- Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente.
- Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela.
- Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.
- Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes.
- Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.
- Grupos de adquisición de linguas.

Esta escolma de medidas de atención á diversidade é un reflexo daquelas que se poderán desenvolver nalgún momento da etapa, mais non teñen porque desenvolverse todas elas de non darse as circunstancias que se contemplan na lexislación pertinente. Estas medidas son susceptibles de seren ampliadas no caso de ser necesarias para a inclusión educativa do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Exxpresión escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento da creatividade.	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Espíritu crítico e científico.	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Espíritu emprendedor.	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para o consumo responsable.	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación para o desenvolvemento sostible.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.13 - Educación para a saúde e afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Educación afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X
ET.15 - Educación emocional.	X	X	X	X	X	X
ET.16 - Educación en valores.	X	X	X	X	X	X
ET.17 - Orientación educativa.	X	X	X	X	X	X
ET.18 - Acción tutorial.	X	X	X	X	X	X

**Observacións:**

Os elementos transversais trabállanse de xeito completo ao longo de todas as unidades na materia de valores, de feito coinciden cos obxectivos da materia.

**7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Normas	Co fin de promover unha convivencia democrática, respetuosa, pacífica... a principio de curso o alumnado elaborará e pactará de forma consensuada unhas normas que se deberán cumprir na nosa estadía no centro.	X	X	X
Da paz non só se fala un día	Con motivo do día da paz, traballaremos nun taller co alumnado para reflexionar sobre a importancia que ten que sexamos conscientes da importancia da paz na convivencia.	X	X	X
Referentes	Traballararanse biografías de mulleres e adolescentes referentes e activistas no mundo actual mediante unha investigación previa sobre a súa actividade e vida, para despois, no caso de ser posible, facer por equipos pímulas radiofónicas para espallar a súa vida.	X	X	X
Obradoriros sobre a forma de relación do alumnado no medio social.	Nestes obradoriros traballarase co alumnado as conductas e a forma que teñen de relacionarse entre homes e mulleres.	X	X	X
Violencia de xénero	Participación na instalación artística e actividades que o centro organiza para a conmemoración do 25N.	X		

**Observacións:**

Conmemoracións recollidas no calendario escolar.

Programaranse actividades a nivel de centro, ciclo e aula nos días que establece a Orde que regula o calendario escolar.

Estas actividades irán encamiñadas a reforzar os contidos adquiridos na aula, a motivación dos alumnos/as fronte ás distintas temáticas da área, así como a potenciar a relación co medio que nos rodea e co contexto social. Tendo por obxectivos:

- Deliberar e argumentar sobre problemas de carácter ético referidos a si mesmo e á súa contorna.
- Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, para promover unha convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica.
- Comprometerse activamente con valores e prácticas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas e do planeta.
- Desenvolver a autoestima e a empatía coa contorna, identificando, xestionando e expresando emocións e sentimentos propios, e recoñecendo e valorando os dos outros, para adoptar unha actitude fundada no coidado e no aprecio de si mesmo, dos demais e do resto da natureza.

En termos xerais, poderán consistir en:

- Potenciación de actividades interdisciplinares cos demais cursos e alumnos/as.
- Asistencia a concertos didácticos.
- Proxección de documentais ou películas de vídeo autorizadas.
- Saídas pola contorna.
- Exposicións.
- Celebración das distintas conmemoracións que marca o calendario oficial para cada curso.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación de tarefas.
Distribución de tempos e recursos.
Adecuación dos obxectivos e contidos ás características do grupo.
Programación didáctica.
Proceso de avaliación.
Metodoloxía empregada
Adecuación da metodoloxía.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organización da aula e uso dos recursos.
Medidas de atención á diversidade
Artención á diversidade.
Clima de traballo na aula
Ambiente de traballo e participación.



Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Organización e coordinación do equipo.
Implicación do profesorado.
Relación e implicación das familias no día a día da aula.

**Descrición:**

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

A valoración que se fai de cada un dos indicadores de logro mencionados con anterioridade recibirá unha valoración nunha escala de 1 a 4 puntos, sendo 1 a nota máis baixa e 4 a nota máis alta.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A medida que se vaia desenvolvendo a presente programación será preciso facer unha avaliación da mesma, do proceso de ensinanza-aprendizaxe e da práctica docente. Cos resultados da mesma faranse as propostas de mellora necesarias para adecuar a programación ás necesidades que vaian xurdindo na aula.

Posto que unha programación de aula debe ser aberta e flexible, este documento recolle unha proposta organizativa que poderá sufrir modificacións co fin de atender aos intereses e necesidades xurdidas na aula durante a súa aplicación.

**9. Outros apartados**